


CURIOSIDADE DE XULLO: A ALIMENTACIÓN DOS CASTREXOS



Silo de almacenaxe.



Almacén de produtos vexetais.



Croques.



Vieira.



Osos de peixe.

Agora que chega o verán, comenza a operación bikini e estamos máis preocupados pola nosa alimentación, imos falar da dieta dos castrexos. De que se alimentaban? Como conseguían as súas provisións? Como as almacenaban e conservaban? Nunha economía eminentemente agraria, a principal achega alimenticia sería a base de produtos vexetais. Os animais domésticos eran aproveitados sobre todo polas súas achegas en forma de leite, la, esterco ou forza de tiro, e non se consumiría a súa carne ata que foran vellos. Nun castro costeiro como o de Vigo, o aproveitamento dos recursos mariños (pesca e marisqueo), sería outro pilar da súa alimentación. Na caseta de acceso ao xacemento poderedes pedir información máis extensa sobre a dieta dos castrexos. Bo proveito.

